- As **prácticas externas** desenvolvéronse de forma adecuada, os convenios coas entidades colaboradoras, firmados pola Facultade, foron suficientes e o número de postos de prácticas logrado foi moi superior á demanda (Prácticas Externas). Entre a documentación aportada para a **mellora e coordinación** do proceso de avaliación se inclúe: a) un modelo de memoria de prácticas do alumno, b) un informe para o titor externo, no que se propón a avaliación das competencias do alumno, e c) un informe para facilitar a avaliación final do titor académico. As enquisas de satisfacción dos estudantes e titores académicos co desenvolvemento das prácticas externas, realizadas polo reitorado, amosan resultados moi satisfactorios (4.0 e 4.2, respectivamente). Dende a Facultade se realizaron enquisas aos titores externos que amosaron graos de satisfacción excelentes (4,6 max. 5).

- A defensa dos **TFG** realizouse de acordo co calendario marcado polo rectorado (datas de xulio e setembro), aínda que o periodo de defensa resultou moi xusto (unha semana por convocatoria). Os alumnos que defenderon o TFG en setembro acusan problemas de datas para matricularse en algún master, xa que o período de peche de actas do TFG remata o día 30 de setembro. Ao final do curso 2012-2013 aprobouse a nova normativa de TFG/TFM da USC (RR de 2 maio de 2013) e, no mes de outubro, a comisión de docencia do título realizou as oportunas adaptacións da normativa de TFG do centro (pendente de aprobación pola Xunta de Facultade) que será de aplicación dende o curso 2013-2014.

- Como se indicou no informe anterior, a **mobilidade dos estudantes** regúlase a través da normativa vixente da USC, a súa planificación e xestión ten lugar a través da Vicerreitoría de Relacións Exteriores e Internacionalización e

da Oficina de Relacións Exteriores da Universidade, en coordinación ca unidade de apoio á xestión dos centros e o responsable de programas de mobilidade do centro (RAM). A Facultade, ademais do RAM, conta coa colaboración de varios profesores que actúan como coordiandores académicos, titorizando e axudando aos estudantes, propios e alleos, nas decisións académicas. No curso 2012-2013 a Facultade tiña renovados todos os convenios relacionados no autoinforme 2011-2012. No curso 2012/13 se produce un segundo incremento no número de alumnos que se acolleron aos programas de movilidade (10 estudantes) con respecto cursos anteriores. Por outra parte recibimos 18 alumnos extranxeiros, cifra moi superior a cursos anteriores.

**BOAS PRÁCTICAS:**

- A USC elaborou un documento que recolle toda a normativa dispersa sobre recoñecemento de créditos optativos da USC que está dispoñible a través da web do título
- Elaboración e envío de unha enquisa de satisfación aos titores profesionais de Prácticas Externas.
- Aprobación do calendario de reunións dos coordinadores de grado (materias/curso/titulación)

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

Analizar as causas da entrega de actas fora de prazo e solventalas.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

## Recursos humanos

*Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

- Na actualidade imparten docencia no grao 118 profesores pertenecientes a 33 áreas de coñecemento, o que, en conclordancia co descrito na MVT (Apdo. 6), cubre ampliamente as necesidades docentes para o correcto desenvolvemento do grao en Bioloxía. En canto ao PAS e o persoal de apoio segue a ser o contemplado na Memoria do Título. A través da web do título actualízase anualmente a información dos recursos humanos dispoñibles (Profesorado da titulación).
- A meirande parte do PDI encargado da docencia é funcionario a tempo completo (82,6% no curso 2012-2013) e prácticamente a totalidade son doctores con sexenios de investigación. Estes indicadores foron aumentando à medida que avanzou a implantación do grao.
- Según se reflicte nas enquisas de calidade da docencia, o grao de satisfación dos alumnos coa docencia recibida é elevado (3,69 sobre 5) e este indicador presentou unha tendencia ascendente ao longo dos cuatro anos de implantación do grao. Entre as cuestións abordadas nas enquisas de satisfacción dos alumnos destacan especialmente a claridade na presentación da programación e criterios de evaluación da materia e o elevado grao de cumprimento da programación e o plan de traballo (valores superiores a 4, máximo 5)
- Os profesores que solicitaron ser avaliados na fase piloto do Programa DOCENTIA consegiu a calificación de Excelente, si ben o número e aínda moi baixo. Tan só o 1,7% dos docentes solicitaron esta evaluación. Unha das causas manifestadas desta baixa participación reside na complexidade do sistema de avaliación.

**Indicadores/evidencias relacionados co criterio:**

| Indicador | | 2009-2010 | 2010-2011 | 2011-2012 | 2012-2013 |
|---|---|---|---|---|---|
| IN23-PS-01 | PDI con sexenios (%) | 82,4 | 83 | 89,2 | 91,59 |
| IN24-PS-01 | PDI doutor (%) | 95,3 | 94,4 | 89,8 | 99,08 |
| IN25-PS-01 | PDI funcionario (%) | 86,1 | 83,6 | 81,3 | 82,57 |
| IN29-PS-01 | Estudantes por profesor | 3,6 | 4,2 | 3,7 | 5,17 |
| IN50-S01-PM-01 | Satisfacción do alumnado coa docencia recibida | 3,46 | 3,46 | 3,69 | 3,69 |
| IN27-PS-01 | Satisfacción PAS cursos formación | 3,67 | 3,93 | 3,82 | Sin dato |
| N28-PS-01 | Satisfacción PDI cursos formación | 4,16 | 4,24 | 4,09 | Sin dato |

**BOAS PRÁCTICAS:**

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Solicitar a Vicerreitoría de calidade información sobre o grado de participación do PDI e PAS en cursos de formación e sobre o número e vixencia dos sexenios e quinquenios por profesor para facer unha análise máis precisa.
- Continuar coa tarefa de divulgación do programa de avaliación da actividade docente do profesorado, DOCENTIA, e trasladar á Vicerreitoría de Calidade a necesidade de simplificar o procedemento.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

## Recursos materiais e servizos

*Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

- No curso 2012-2013, coincidindo coa implantación completa do Grao e a extinción da docencia en licenciatura, concluíuse a **reforma integral** da Facultade de Bioloxía iniciada no curso 2008-2009 e que se acometiu en 3 fases. Actualmente os recursos materiais (especialmente as infraestruturas) e servizos son moi satisfactorios e axeitados para o desenvolvemento óptimo do Grao, de acordo co recollido na MVT. A información dispoñible ao respecto foi completamente actualizada na páxina web do centro (Infraestruturas)
- O **deseño** da nova facultade conta con distintos espacios adaptados ás necesidades propias de cada tipo de actividad docente asociado ao grado. Nas aulas de uso xeral, equipadas todas con sistemas audio visuais, conexión a rede e con postos para discapacitados, ten lugar a **docencia expositiva** e **seminarios** de cada unha das materias (grupos cun maior número de alumnos); nas aulas seminarios levanse a cabo as actividades **titoriais** (grupos de 10 alumnos); nas aulas de Informática e laboratorios se realizan as **prácticas interactivas e de laboratorio** (20 alumnos por grupo). Por outra parte, a **bliblioteca** dispón de 289 postos de lectura (relación puestos/estudiantes = 0.47) e dun espazo pechado con capacidade para 20 alumnos con soporte informático wifi para a realización de **traballos en grupo**, e ademais unha das aulas de Informática con wifi, e de libre uso para o alumnado o que tamén lles permite realizar traballos en grupo, e consultas xa que conta ca presenza de dous bolseiros de Informática como persoal de axuda.
- Ademais das zonas regladas, dispoñemos de tres zonas de traballo libre nos vestíbulos con cobertura wifi, mesas de traballo e toma de corrente con capacidade para 4-6 persoas cada unha, espazos que os alumnos poden utilizar para reunirse en grupos pequenos.
- Os alumnos dispoñen dun novo Local de Alumnos (de 70 $m^2$) mais amplo, equipado para reunións e actividades.
- O profesorado da Facultade dispoñe, a través da súa Secretaria Virtual, dun sistema co que pode realizar a solicitude de reserva dun espazo da Facultade para a realización de actividades académicas, solicitude que e rexistrada pola xestora do centro (excepto a Aula Magna, Salón de Graos e Salas de Xuntas que se solicitan mediante mail a Secretaría da Facultade para a realización doutras actividade académicas ou culturais cuxa solicitude e rexistrada e xestionada pola xestora do centro previa autorización de uso). O alumnado e profesorado dispón, na propia Facultade, dun sistema de reprografía que consta dunha máquina fotocopiadora con sistema dixital de tarxetas de acceso para estudantes e profesores dependente do servizo central externo de reprografía, mais completo. En todo o edificio se dispón de área WIFI.
- A facultade dispón dun sistema informativo de 2 pantallas que emite as principais novidades para o alumnado e tamén dispoñe de taboleiros informativos (por Area, do decanato, de alumnos, de actividades culturais, becas, másteres, e novidades, donde se lle da difusión a aspectos que consideramos importantes para o alumnado).
- Na seguinte táboa recóllense algúns datos dos fondos bibliográficos e bases de datos dispoñibles para o estudante do grao en bioloxía, tanto no centro coma noutros centros da USC e os dispoñibles a través de BUGALICIA.
- Ademais, os alumnos de Prácticas Externas dispoñen dos materiais e servizos de 22 entidades colaboradoras coas que a facultade de bioloxía ten convenios vixentes (Convenios vixentes)

| FONDOS BIBLIOGRAFICOS FACULTADE DE BIOLOXIA | | 2009-2010 | 2010-2011 | 2011-2012 | 2012-2013 |
|---|---|---|---|---|---|
| IN37-PS02 | Monografias papel | 22529 | 23063 | 23442 | 26902 |
| | Periodicas papel | 1176 | 1187 | 1162 | 1168 |
| | Mat. No librario (mapas, etc) | 3088 | 3133 | 3085 | 1808 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Periodicas electrónicas | 28 | 22 | 34 | 25 |
| FONDOS BIBLIOGRAFICOS USC | | | | | |
| | Monografias papel | 1220805 | 1291665 | 1314206 | 1348780 |
| | Periodicas papel | 35622 | 36434 | 36717 | 38627 |
| | Mat. No librario (mapas, etc) | 31042 | 27129 | 32845 | 30054 |
| | Periodicas electrónicas | 577 | 875 | 1066 | 568 |
| | Bases de datos | 13 | 19 | 12 | 9 |
| Recursos electronicos compartidos BUGALICIA | | | | | |
| | Monografías | 18831 | 16379 | 18058 | 18058 |
| | Periódicas | 18846 | 19090 | 20139 | 16717 |
| | Bases de datos | 90 | 52 | 26 | 24 |

**BOAS PRÁCTICAS:**

- A dirección da Facultade tivo un protagonismo esencial no deseño e execución do plano de reforma integral da Facultade, especialmente no deseño de espazos adaptados ás diversas actividades do grao, a seguridade do edificio e na optimización do gasto.
- Firma de convenios de colaboración educativa con entidades colaboradoras coas Prácticas Externas do Grao en Bioloxía

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

# Resultados previstos

*Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

*Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:*

- A titulación ten mecanismos de avaliación de adquisición de competecias por parte dos alumnos (ver criterio Obxectivos/Competencias).
- Ademáis a USC valora, a través da súa Vicerreitoría de Calidade e Mellora de Procedimentos, o progreso e resultados da aprendizaxe dos estudantes a través de diversos indicadores indicadores relacionados co rendemento, éxito, avaliación, eficiencia e abandono. Os resultados dispoñibles destes indicadores ao longo da implantación do grado foron os seguintes:

| | | 2009-2010 | 2010-2011 | 2011-2012 | 2012-2013 |
|---|---|---|---|---|---|
| IN40-S01-PM-01 | Taxa de rendemento (aprobado/matriculado) | 60,9 | 59,3 | 61,5 | 65,8 |
| IN41-S01-PM-01 | Taxa de éxito (aprobado/presentado) | 73 | 76,7 | 76,7 | 76,5 |
| IN42-S01-PM-01 | Taxa de avaliación (presentado/matriculado) | 83,5 | 77,4 | 80,2 | 86,0 |
| IN45-S01-PM-01 | Eficiencia dos titulados | | | | 99,4 |
| IN46-S01-PM-01 | Taxa de abandono durante o primeiro curso | | | | 32,7 |

- A tasa de eficiencia é moi elevada en cuarto curso
- Ainda que no é posible facer unha análise completa ata o próximo curso (o segundo ano de gradación, os resultados dispoñibles son coherentes coa proposta da MVT. Destaca o incremento da taxa de rendemento e de avaliación ao longo da implantación da titulación, e especialmente no curso 2012-2013, o que reflicte o impacto positivo da entrada en vigor da normativa de permanencia da USC.
- Ademáis dos indicadores propostos, unha das vías para analizar o progreso e os resultados da aprendizaxe é a través do Traballo Fin de Grao e Prácticas Externas. No curso 2012-2013, 51 alumnos realizaron as Prácticas Externas e 32 deles defenderon o TFG. En ámbolos dous casos a taxa de éxito foi do 100% e as cualificaciones elevadas. En Prácticas Externa, o 66% dos estudantes acadaron a cualificación de sobresainte e o 34% restante de notable. Esta materia foi moi ben cualificada por todoslos grupos de interese (alumnos, titores externos e titores académicos, 3.9, 4.6 e 4.3, respectivamente, max. 5). No caso do TFG, o 53% dos estudantes acadaron a cualificación de sobresainte (algunhas con mención de Honor), o 38% de notable e o 9% restantes de aprobado.
- Os resultados valorativos da inserción laboral da anterior licenciatura en Bioloxía foron publicados na web do Título (Inserción Laboral)

**BOAS PRÁCTICAS:**

- Sistematizar os mecanismos de medida do grao de adquisición de compentencias

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

| **BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS** | **XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS** |
|---|---|
| | |

| Sistema de garantía da calidade | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do Centro.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

## Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

- A titulación de Grao en Bioloxía rísexe polo **Sistema de Garantía de Calidade** la Facultade de Bioloxía (SGIC) que foi informado positivamente con data de 15/12/2011, dentro do programa Fides-Audit e iniciada a súa implantación, o que se reflicte nas seguintes evidencias no centro: Acta da aprobación da documentación final do SGIC, Publicación do **SGIC verificado**, Nomeamento do **responsable de calidade** e das comisións definidas no SGIC para o seu control e seguimento, Política de calidade aprobada e difundida.
- A **Comisión de Docencia** se reúne para elaborar o Informe Anual de Seguimento do grao, a lo menos, unha vez ao ano. A **Comisión de Calidade** analiza o funcionamento do centro e do SGIC, aproba os informes de seguimento das titulacións adscritas e elabora o Plan de Melloras do Centro.
- Dende o ano 2011 a USC estivo a desenvolver unha aplicación informática para **facilitar a xestión do SGIC** nos centros. Paralelamente un grupo de traballo formado por unha representación dos/as decanos/as e directores/ras de centro e persoal da vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade estivo a traballar nunha **revisión do SGIC** que permita unha xestión máis áxil e eficaz do mesmo para facilitar a súa implantación. Estes dous procesos remataron a finais do curso 2012-13.
- Durante o curso 2012-2013 recibíronse no centro 6 **queixas** procedentes dos alumnos/as do grao. As queixas recibidas foron reclamacións á aplicación dos criterios de avaliación e á nota de exame. Estas reclamacións foron atendidas de acordo ao **procedemento de resolución de queixas** da Normativa vixente da USC.
- Para dar axilidade á xestión de queixas, e de acordo coas propostas de mellora e recomendacións suxeridas, recentemente se puxo a disposición de toda a comunidade da Facultade de Bioloxía unha **caixa de correo de suxestións** coa súa normativa de uso. A caixa de correo é accesible a través da páxina web e foi publicitada convintemente (Buzón de suxestións).
- A enquisa realizada pola Vicerreitoría a egresados/as aporta información sobre a satisfacción coas queixas, suxestións e reclamacións do estudantado. A valoración da xestión realizada polo centro (amabilidade, eficiencia e axilidade) foi satisfactoria (3,33, max 5)

**BOAS PRÁCTICAS:**

Incorporación dun buzón de suxestións a través da web a disposición de toda a comunidade da Facultade de Bioloxía.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

## Calendario de implantación

*Valorarase o criterio de "Calendario de implantación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

- O calendario de implantación do Grao en Bioloxía realizouse de forma progresiva e según o **previsto na MVT**, de tal xeito que no curso 2012-2013 implantouse o cuarto curso coa saída da primeira promoción do Grao, ó tempo que foi o derradeiro curso de impartición de docencia na Licenciatura (5º curso) despois de 42 promocións.

- No relacionado co proceso de adaptación dos estudantes da Licenciatura, no curso 2012-2013 detectouse un incremento significativo de alumnos que mudaron de plan. Este feito xa fora previsto no curso anterior de forma que foi posible adaptar, de forma eficiente, a organización académica (incrementándose o número de grupos dispoñibles en aquélas materias con maior número de alumnos na Licenciatura).

**BOAS PRÁCTICAS:**

Contar coa previsión realizada sobre o número de estudantes procedentes da Licenciatura para a organización académica

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

## 4.- ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMENTO.

| INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN | |
|---|---|
| **Recomendacións establecidas no informe final** | **Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)** |
| CRITERIO 3: OBXECTIVOS. Deberíase revisar a utilización do termo " biólogo/a" correspondente a profesión regulada, xa que non é unha profesión regulada. | A recomendación foi subsanada na última versión modificada de la memoria del título donde se indica que "no habilita para la profesión regulada". |
| CRITERIO 5: PLANIFICACIÓN DAS ENSINANZAS. Deberíase especificar a adecuación das accións de mobilidade previstas aos obxectivos e contidos concretos do título. | O título levou a cabo accións encamiñadas a solucionar e/ou atender as devanditas recomendacións.<br>A Facultade de Bioloxía mantén convenios específicos con universidades que ofrecen estudos de Bioloxía a nivel de Grao que permiten garantir a consecución dos obxectivos do título (http://www.usc.es/gl/centros/bioloxia/mobilidade.html.<br>Nos autoinformes de seguimento analízase a mobilidade de estudantes que foi aumentando según se foi implantando o grao. |

| INFORMES DE SEGUIMENTO (2010/2011) | |
|---|---|
| **Recomendacións establecidas no informe** | **Accións levadas a cabo (incluindo datas, responsable, estado, ...)** |
| **Sobre a información pública:**<br>Completar a información pública que se facilita sobre todos os aspectos do título, especialmente orientada cara aos estudantes deste.<br>Recoméndase:<br>- Completar a información existente sobre departamentos e profesorado implicado no Traballo Fin de Grao e nas prácticas externas, así como propostas para a súa realización dende os Departamentos e dende o Centro.<br>- A elaboración e mantemento actualizado dunha web propia do título onde se recolla a información pública mínima relevante para os distintos grupos de interese.<br>- O mantemento actualizado da información pública mínima relevante sobre o título.<br>- Extraer e resumir aquela información da memoria de verificación do título que sexa de especial interese para os estudantes, así como se recomenda dispoñer dunha accesibilidade directa aos resultados de indicadores e dos informes de seguimento onde se poida visualizar a mellora continua do título.<br>- A elaboración dunha guía do título.<br>- Publicar de forma máis completa as guías docentes de todas as materias do título.<br>- Facilitar o acceso entre as distintas webs onde existe información sobre o título (acceso e admisión, matrícula, resultados, etc.), orientándoa especialmente para os estudantes.<br>- Facilitar información pública, especialmente | Restructurar a información pública de todos os aspectos do título sinalados nas recomendacións:<br>• Comisión Docente: Elaboración de una guía do título<br>• Equipo Decanal: Completar, reestructurar e manter fácilmente accesible e actualizada a información pública mínima relevante sobre o título xerada no centro. Extraer e resumir a información da MVT de especial interés para os estudantes<br>• Servicios Centrais: Reestructurar as páxina actual incorporando toda a información precisa para o seguimento do título.<br>Periodo de execución: curso 2012/13 (completa) |

| | |
|---|---|
| orientada cara aos futuros egresados do título (ofertas de emprego, etc.).<br>- Incorporar na web institucional da Universidade de Santiago o idioma de impartición do título.<br>- Manter completa e actualizada a información pública do título nas distintas versións de idiomas das páxinas web (galego, castelán e inglés).<br>- Proporcionar só os enlaces principais de acceso á información pública do título (web institucional e/ou web propia do título) en futuros autoinformes. | |
| O grao de reflexión de cada criterio debe ser máis amplo, crítico e orientado aos principais aspectos que achegan calidade a un título. | Para a elaboración dos informes posteriores levouse a cabo a recopilación de datos de interés (indicadores) e se fixo unha ampla valoración crítica centrada nos aspectos internos propios do grao. As propostas de mellora derivan deste análisis e son concretas e con obxectivos reais. Específicamente, se fixo un maior esforzo na recopilación de datos para o análisis dos seguintes criterios: Obxectivos/competencias, Acceso/admisión de estudantes, Planificación das ensinanzas, Recursos humanos, recursos materiais e servizos, e resultados. A información foi actualizada.<br><br>Comisión de docencia (informes 2011/12 e 2012/13). |
| Incluír referencia a posibles accións encamiñadas a integrar no proceso formativo aqueles estudantes que ingresan con notas inferiores a 6 puntos. Non se propoñen propostas de mellora ao respecto no autoinforme de seguimento. | No curso 2011/2012 o 100% do alumnado e no curso 2012/13 máis do 92% accedeu á titulación cunha nota superior a 6. Non se considerou necesario incluir acciones neste sentido. |
| A profesión do Biólogo non ten o carácter de profesión regulada, isto debe aclararse en xeral. O informe final de avaliación previa á verificación do título polo "Consello de Universidades" contiña a devandita recomendación. | Isto foi subsanado |
| Débese considerar o mantemento do proceso de medición e análise dos resultados como vía para establecer os plans de mellora da calidade do grao. | A Comisión de Docencia ten sistematizado o proceso de medición e análise dos resultados como vía para establecer os plans de mellora. A medida que foi avanzando a implantación do grao o número de indicadores utilizados para realizar a análise do grao de cumprimento do proxecto foi aumentando e as accións de mellora foron formuladas de acordo as debilidades detectadas e prantexadas para prazos de execución realistas (curso 2012/2013) |

**INFORMES DE SEGUIMENTO (2011-2012)**

| Recomendacións establecidas no informe de seguimento | Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...) |
|---|---|
| ***Sobre la información pública***<br><br>**Recomendaciones generales:**<br>Se recomienda mantener completa y actualizada la información pública del título en las distintas versiones de idiomas de las páginas web (gallego, castellano e inglés). | A información pública está completa e actualizada nas versións en castelán e galego están. A versión en inglés ten numerosas limitacións que non dependen do centro. A xestora do centro está a traballar coa área ATIC para solventalo. |
| **Recomendaciones específicas**<br><br>Descripción del título: Se recomienda facilitar en la descripción del título el número de créditos totales, obligatorios, optativos, etc. Se recomienda revisar la versión de la memoria disponible en la web.<br>Admisión: La normativa debe ser actualizada<br>Infraestructuras: Se recomienda revisar y completar la información correspondiente a este criterio.<br>Resultados: Se recomienda actualizar los indicadores "en proceso de realización y/o actualización" en futuros autoinformes de seguimiento de títulos.<br>Se recomienda la publicación en la web de los resultados de inserción laboral de la anterior titulación.<br>Sistema de Garantía de Calidad: Se recomienda reflejar en la web las evidencias de la implantación del Sistema de Garantía de Calidad | As recomendación foron atendidas pola xestora de centro:<br><br>http://www.usc.es/gl/centros/bioloxia/graobioloxia.html,<br><br>http://www.usc.es/es/centros/bioloxia/datosgrao.html<br><br>http://www.usc.es/gl/centros/bioloxia/infraestruturas.html,<br><br>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/bioloxia/descargas/Insercionlaboral0708.pdf<br><br>http://www.usc.es/gl/centros/bioloxia/SGIC.html |
| | |
| **Sobre el grado de cumplimiento del proyecto**<br><br>**Recomendaciones generales:**<br><br>El autoinforme debe ser aún más crítico proponiendo realmente planes de mejora que permitan un mejor desarrollo y una mejor adecuación del título. En el informe de alegaciones elaborado como respuesta al informe provisional de seguimiento se han considerado adecuadas las reflexiones aportadas relativas a los criterios 5 y 9, por lo que se considera una valoración del cumplimiento del proyecto conforme. | O presente autoinforme aporta unha valoración fundamentada e crítica co grao de cumprimento do proxecto, plantexando accións de mellora abordables nun prazo razoable. |
| **Recomendaciones específicas:**<br><br>Descripción: Se recomienda realizar un análisis de la demanda global que tuvo el título en futuros autoinformes de seguimiento.<br>Competencias: se recomienda ser más crítico y aportar más evidencias. Se recomienda que se proceda a desarrollar cuanto antes planes de mejora que permitan corregir las desviaciones observadas en este criterio<br>Admisión: Se recomienda realizar un análisis de ingreso de estudiantes por las diferentes vías de acceso. Se recomienda analizar el grado de satisfacción de los diferentes agentes implicados con el proceso de admisión y acceso de estudiantes. Se recomienda la elaboración de una guía del estudiante, con la información mínima y necesaria que contribuya a la integración de los estudiantes en la Universidad<br>Planificación de las enseñanzas: Se recomienda conocer el grado de cumplimiento de los aspectos indicados en las guías | Prácticamente todas as recomendacións foron atendidas pola Comisión de Docencia e os resultados preséntanse nos apartados correspondentes do presente autoinforme:<br><br>• Realizouse unha análise da demanda global,<br>• Sistematizouse o procedemento de medida da adquisición de competencias por parte do estudante<br>• Analizouse o ingreso polas diferentes vías e o grado de satisfación dos egresados co proceso de acceso e admisión<br>• Elaborouse unha guía do estudante.<br>Se aportaron datos para coñecer o grado de cumprimento das guías docentes<br>• Realizáronse enquisas de satisfacción das |

| | |
|---|---|
| docentes (cumplimiento del programa, criterios de evaluación, grado de consecución de competencias, distribución y organización de las diferentes actividades prevista). Se recomienda también la elaboración de encuestas de satisfacción de las prácticas externas, tanto desde el punto de vista del estudiante como de los tutores de la empresa y de la facultad.<br>Recursos humanos: Se recomienda aportar información actualizada sobre el profesorado (variación respecto a la memoria original, experiencia,…). Se analiza también el porcentaje de PDI a tiempo completo con quinquenios y sexenios concedidos y que imparte docencia en el título, pero no se detalla si el número es adecuado a la antigüedad del mismo. Se recomienda analizar la evolución de estos dos complementos desde la implantación del título. Se debe indicar el porcentaje de profesorado que ha sido evaluado en el Programa DOCENTIA, así como promover esta participación. Indicar el grado de participación en cursos de formación. Se debe analizar la satisfacción del personal (tanto docente como de apoyo) con el desarrollo del título<br>Materiales y servicios: Se recomienda aportar información sobre estos aspectos (disminución de espacios respecto a la memoria original, espacios para trabajo en grupo, local de alumnos). Se recomienda indicar si los fondos bibliográficos son adecuados para el desarrollo del título. Disponibilidad de empresas para el desarrollo de prácicas externas. Se recomienda aportar información sobre el grado de satisfacción de los diferentes colectivos con los recursos materiales y servicios disponibles.<br>Resultados: Se debe analizar la razón de una tasa de rendimiento (créditos superados/créditos matriculados) inferior a lo previsto.<br>Se recomienda realizar un análisis sobre los históricos de resultados existentes de inserción laboral.<br>Sgic: Se recomienda que se establezca un sistema de quejas y sugerencias y realizar el análisis de las mismas. | Prácticas Externas (estudante, titor profesional e titor académico) e se analizaron o resultados<br>• Actualizouse a información de recursos humanos<br>• Actualizouse a información de infraestrusturas (espazos e instalacións do centro, recursos bibliográficos, entidades colaboradoras de Prácticas Externas) e aportóuse información sobre enquisas de satisfacción<br>• Analizáronse os resultados de rendemento que resultaron máis elevados que no autoinforme anterior<br>• Instalouse na web da facultade un buzón de suxestións<br>• Foron publicados os resultados de inserción laboral da anterior Licenciatura en Bioloxía.<br><br>No momento de redactar o informe non se dispoñía de información relativa a qinquenios e sexenios desagregada por profesor e ao número de PAS e PDI participante en cursos de formación. Esta información xa foi solicitada (Xestora de Centro) para ser incluída no próximo autoinforme. |

## 5.- PROPOSTAS DE MELLORA.

| ACCIÓNS DE MELLORA | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Acción de mellora | Código | A.1 |
| | | Tipo | |
| | Orixe | Orixe acción | Acceso e admisión de estudantes |
| | | Descrición orixe | |
| | Definición | Análise causa | Descenso na preinscripción no curso 2012/2013 |
| | | Definición/ descrición proposta | • Intensificar a participación e colaboración do profesorado en programas de estimulación e captación de estudantes. |
| | | Data prevista de finalización | Maio 2014 |
| | | Data inicio | Febreiro 2014 |
| Responsables | | Usuario responsable da implantación | Decana |
| | | Outros responsables da implantación | |
| Finalización | | Estado | |
| | | Data estado | |
| | | Comprobación | |
| | | Data comprobación | |

| ACCIÓNS DE MELLORA | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Acción de mellora | Código | A.2 |
| | | Tipo | |
| | Orixe | Orixe acción | Planificación das ensinanzas |
| | | Descrición orixe | |
| | Definición | Análise causa | Entrega de actas fora de prazo |
| | | Definición/ descrición proposta | Analizar as causas da entrega de actas fora de prazo e solventalas. |
| | | Data prevista de finalización | Xullo 2014 |
| | | Data inicio | Enero 2014 |
| Responsables | | Usuario responsable da implantación | Xestora de Centro |
| | | Outros responsables da implantación | |
| | | Data estado | |
| | | Comprobación | |
| | | Data comprobación | |

<table>
<tr><th colspan="4">ACCIÓNS DE MELLORA</th></tr>
<tr><td rowspan="8">Definición</td><td rowspan="2">Acción de mellora</td><td>Código</td><td>A.3</td></tr>
<tr><td>Tipo</td><td></td></tr>
<tr><td rowspan="2">Orixe</td><td>Orixe acción</td><td>Recursos humanos</td></tr>
<tr><td>Descrición orixe</td><td></td></tr>
<tr><td rowspan="4">Definición</td><td>Análise causa</td><td>Falta de información</td></tr>
<tr><td>Definición/ descrición proposta</td><td>• Solicitar a Vicerreitoría de calidade información sobre o grado de participación do PDI e PAS en cursos de formación e sobre o número e vixencia dos sexenios e quinquenios por profesor para facer unha análise máis precisa.</td></tr>
<tr><td>Data prevista de finalización</td><td>Xuño 2014</td></tr>
<tr><td>Data inicio</td><td>Enero 2014</td></tr>
<tr><td colspan="2" rowspan="2">Responsables</td><td>Usuario responsable da implantación</td><td>Xestora de Centro</td></tr>
<tr><td>Outros responsables da implantación</td><td></td></tr>
<tr><td colspan="2" rowspan="4">Finalización</td><td>Estado</td><td></td></tr>
<tr><td>Data estado</td><td></td></tr>
<tr><td>Comprobación</td><td></td></tr>
<tr><td>Data comprobación</td><td></td></tr>
</table>

| ACCIÓNS DE MELLORA | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Acción de mellora | Código | A.4 |
| | | Tipo | |
| | Orixe | Orixe acción | Recursos humanos |
| | | Descrición orixe | Escasa participación do PDI no DOCENTIA |
| | Definición | Análise causa | |
| | | Definición/ descrición proposta | • Continuar coa tarefa de divulgación do programa de avaliación da actividade docente do profesorado, DOCENTIA, e trasladar á Vicerreitoría de Calidade a necesidade de simplificar o procedemento. |
| | | Data prevista de finalización | Xuño 2014 |
| | | Data inicio | Enero 2014 |
| Responsables | | Usuario responsable da implantación | Decana |
| | | Outros responsables da implantación | |
| Finalización | | Estado | |
| | | Data estado | |
| | | Comprobación | |
| | | Data comprobación | |